

25
mércores

Arte Mural Intramuros

11h00 - 19h00

O Museo convértese no estudo aberto de tres artistas que durante toda a xornada van interactuar coa colección. As propostas, realizadas a partir das súas lecturas particulares, van ofrecer olladas alternativas e distintas sobre os obxectos de uso cotiá na sociedade tradicional, o patrimonio inmaterial e a colectividade.

Pilar Alonso. Formada na Escola de Belas Artes da Universidade de Sevilla, a artista é especialmente sensible as sinerxías con outras artes, desenvolvendo proxectos escenográficos como por exemplo a peza “Corpos son creación” da Compañía Experimenta Danza. Ten obra en coleccións como a Fundación Barrié de la Maza, Fundación Abanca ou Caja de Segovia.
www.pilaralonso.es

Federico Fernández.

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo, ilustrador que foi Premio Nacional de Ilustración en 2001 por “¿Dónde perdió Luna la risa?” (Kalandraka). Dirixe a galería de arte ‘El Halcón Milenario’.
www.kalandraka.com/es/autores/detalle/ficha/fernandez/

Marc Taeger. Este deseñador gráfico suízo formado en Alemaña, hai anos que vive en Galicia, onde traballa, entre outras cousas como ilustrador para a editorial Kalandraka. Polo seu traballo de ilustración e deseño no álbum ‘A verdadeira historia de Carrapuchiña’ recibiu o premio Daniel Gil de deseño editorial no ano 2005.
www.marquski.com

26/27

xoves / venres

Sesións da Memoria

11h00 - 19h00

As pezas, libros, espazos e accións que conforman o Museo do Pobo nestas catro décadas de andadura teñen detrás historias emocionantes, divertidas, curiosas que distintas persoas van contar diante dunha cámara para rexistrar e compartir ese outro relato colectivo do Museo.

28

sábado. mañá

Acto Institucional

Ás 12h00

Asemblea extraordinaria do Padroado aberta ao público con asistencia dos e das representantes do Museo e das distintas entidades e institucións que forman parte do seu Padroado. Ao acto institucional seguiralle un viño no claustro do Museo.

28

sábado. tarde

Re-percutindo

19h00 - 20h00

Roberto Oliveira é un percusionista especializado en música contemporánea. Centrado no comisionado e interpretación de obras, especificamente para percusión, electrónica e arte visual sincronizado, Roberto seleccionou unha serie de pezas (6) nas que vai mesturar instrumentos tradicionais e técnicas musicais contemporáneas. Nunha sesión de 60’ de libre movemento polo claustro do Museo tentará contaxiarnos de sons e ritmos tan propios como alleos.
www.robertoliveira.es

Temazcal (1984), de Javier Álvarez, México. A palabra Temazcal significa ‘Casa de Vapor’. Arpa, guitarra, pizzicato de contrabaixo e tambores de bambú manipulados electrónicamente e arte visual sincronizada.
Duración: 8’03”

Viaxe ao mundo dos espíritos (2016), de Edson Zamprónha, Brasil. A lentísima xestualidade do percusionista anticipa sons que aínda non existen. Multi-percusión, electrónica e arte visual sincronizada.
Duración: 5’21”

Nunca tan lejos (2015), de Jorge Variago, Arxentina. Unha serie armónica que o vibrafonista revela gradualmente e no que o ordenador segue un proceso similar, introducindo transformacións microtonais e procedementos distorsivos que se acumulan, invitando a unha viaxe cara un mundo de sonoridades pouco familiares. Vibráfono, campás tibetanas, electrónica e arte visual sincronizada.
Duración: 11’08”

DCajón (2017), de Daniel Schachter, Arxentina. Obra mixta interactiva para caixón peruano, procesamento en tempo real e sons electroacústicos.
Duración: 7’32”

Akompañía (2016), de Andrés Álvarez, Galicia. Os cans anuncian a súa visita ouveando, os gatos foxen arrepiados e, ao seu paso detense o batifundo dos animais da fraga. Faise un silencio sepulcral, interrompido polo son dunha campaña e o rezo dun fúnebre rosario. Vibráfono, electrónica e arte visual sincronizada.
Duración: 14’37”

Coena Rudimentalis (2016), de Carlos Passeggi, Arxentina. (A cea dos Rudimentos) Pequenos motivos rítmicos que son propios do “vocabulario” musical de todos os percusionistas, que se mesturan cun abano de sonoridades inusuais para un bombo. Bombo e electrónica
Duración: 4’

29

domingo. mañá

Construción bioclimática

11h00 a 14h00

Álex F. Palicio é un arquitecto impulsor do colectivo “tecnoloxías apropiadas” que se ocupa de promover e realizar construcións no ámbito sostible, e organizar obradoiros de formación en bioconstrución.

Manuel Caamaño Suárez, arquitecto técnico, patrón do Museo do Pobo Galego e estudoso da arquitectura tradicional galega

Nun obradoiro de construción con arxila e fibras naturais o diálogo entre ambos os dous convidados xirará ao redor da leccións que nos ofrece o patrimonio vernáculo para a construción actual de ámbito sustentable, e o rol dos materiais tradicionais dentro dunha perspectiva ecolóxica da arquitectura contemporánea.
tecnoloxiasapropiadas.wordpress.com

30

luns. tarde

Obradoiro demostración de cestería contemporánea

17h00 a 20h00

Idoia Cuesta, nacida no País Vasco e afincada en Lugo, ten combinado mestría, tradición e experimentación, para ser quen de levar a Cestería a novos escenarios. Para este aniversario do Museo, Idoia vai construír unha peza no tempo que dura esta sesión, de xeito que poderemos admirar o proceso de creación e compartir con ela o contexto que a levou a traballar desde un saber secular, transformando este nun produto de deseño e creación contemporáneos.
www.idoiacuesta.com

31

martes. tarde

MiñasMansón aMiñaPatria

17h00-20h00

La Canalla é un proxecto integral, ético e sostible de creación téxtil desde hai 20 anos. Desenvolven pezas únicas ou series limitadas, vestuario escénico, laboral, instalación artísticas e roupa a medida. Senten paixón pola indumentaria desde calquera eido, e o téxtil en calquera aplicación. Traballan de xeito artesanal con tecidos ecolóxicos ou sobrantes de produción. Co obradoiro *MiñasMansón aMiñaPatria* amosan a fonda ancoraxe do seu traballo na indumentaria tradicional e como trasladan a pezas de deseño contemporáneo a simpleza das súas estruturas, a trazabilidade dos seus materiais e o seu gusto polo ornamento coma elemento identitario.
www.lacanalla.es

3

venres. tarde

Cosendo Redes

17h00 a 20h00

Teatro de inmersión. Cinco pases de 15’
Número máximo de persoas pos pase: 7
É preciso reservar con antelación.

Paula Carballeira é actriz e escritora que dedica parte do seu tempo á difusión do relato oral, debe preparar un personaxe de redeira para unha serie de televisión, comeza a reflexionar sobre quen somos. Somos o que lembramos, pero, sobre todo, o que esquecemos. Esquecemos artes, como as artes da pesca, porque non pertencemos a ese ámbito nin cremos que teña que ver connosco. Esquecemos palabras. Esquecemos tempos. Coser redes funciona como metáfora para zurcir as lagoas da memoria que nos proporcionan identidade, pertenza a un colectivo, a unha historia. As redeiras, mentres cosían, falaban, cantaban, contaban e así a lingua, e a cultura oral, sobrevivían. Hoxe en día, coas redes sociais, as redeiras seguen a cumprir a función de cubrir os ocos para que non fuxan as lembranzas.
www.cuentacuentos.eu/narradores/miembros/espana/PaulaCarballeira.htm

Cata e obradoiro de conservación de produtos mariños

17h00-20h00

É preciso reservar con antelación.

Con **Manuel Loureiro** de Conservas Lou; **Irmás Lojo** de Conservas Sotavento e **José Luis Escalante** ‘Peliso’, director do espazo museístico Salgadeiras de Moreiras en O Grove, Museo da Salga.

A materia que o mar nos da consérvase desde tempos inmemoriais. Sorprende a actualidade dos procesos romanos tanto como a naturalidade coa que podemos innovar sen mudar nunca a súa esencia. Vai ser este un obradoiro de historias de saberes, de atrevementos e de sabores. Xunto ao produto estrela da nosa terra en Outono, o viño, imos ter unha boa fin de festa deste aniversario especial.
www.imexgourmet.com/productos/conservas-lou
www.conservassotavento.com
www.turismogrove.es/es/cultura/Museo_da_salga



Museo do Pobo Galego